CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR PARA A MELLORA DA ATENCIÓN Á CIDADANÍA A TRAVÉS DA REDUCCIÓN DA CARGA ADMINISTRATIVA E DE PRAZOS DE RESPOSTA NO PROGRAMA "BENVIDO AO PEREIRO"

En Ourense, a 5 de febreiro de 2023

INTERVEÑEN

Por unha banda,

DONA MARTA NÓVOA IGLESIAS, actuando como Vicepresidenta da Deputación de Ourense, en virtude do seu nomeamento de data 31 de xullo de 2023

DON LUIS MENOR PÉREZ, actuando como Alcalde do Concello do Pereiro de Aguiar, en virtude de do seu nomeamento no pleno de data 17 de xuño de 2023

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio, en base aos principios de colaboración, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre administracións públicas.

EXPOÑEN

Primeira.- Que a Deputación de Ourense ven desenvolvendo, dende o ano 2016 un programa de subvencións sen concurrencia competitiva para o fomento da natalidade na provincia de Ourense: programa "ChegOU", cuxo obxecto é a concesión duha axuda económica a aquelas persoas que durante o ano en curso tiveran un fillo/a ou ben constituíran a tutela ou adopción dun/dunha menor. Para considerar as persoas solicitantes como beneficiarias efectivas, a institución provincial comproba que o feito causante teña sucedido durante o ano en curso, así como a data e lugar de empadroamento da persoa solicitante e o rexistro civil onde conste inscrito o/a menor causante do dereito á subvención.

Todos estes datos custódianse pola Diputación de Ourense con observancia plena á normativa de aplicación para a protección de datos das persoas físicas no que afecta ao tratamento dos datos persoais e a libre circulación destes do que se informa cumpridamente ás persoas interesadas.

Segunda.- Que, o Concello do Pereiro de Aguiar pon en marcha neste ano 2023 un programa de subvencións- sen concorrencia competitiva, para a concesión de axudas económicas ás persoas que dende xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2023 tiveran ou teñan un/unha fillo/a, ou constituído tutela ou adopción dunha nena ou neno. Para o acceso a esta axuda é preciso que a persoa solicitante conste empadroada no Concello do Pereiro de Aguiar cunha antigüidade mínima de 1 ano, e igualmente conste inscrito o/a menor causante do dereito.

Que, a operativa sobre a que se desenvolverá o programa do Concello do Pereiro coa institución basease na deseñada no ano 2016, e existente na actualidade entre a Deputación de Ourense e ABANCA.

Terceira.- Que, na tramitación e recoñecemento das subvencións descritas, resultas parcialmente coincidentes os requisitos solicitados pola Deputación de Ourense para o acceso a estas axudas e os prcistos polo Concello do Pereiro para o recoñecemento das súas, sendo que a presentación e tramitación dunha solicitude implica traballo administrativo e atencións aos prazos por parte da administración tramitante así como aportación documental e, en moitos casos, desprazamentos das persoas solicitantes.

Cuarta.- Que, no artigo 36.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese como competencia propia das Deputacións provinciais dar soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais de xestión.

Que, a cooperación interadministrativa para a aplicación da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que se prevexan as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se recolle no artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Por todo o dito, as administracións actuantes acordan subscribir este convenio en atención as seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Motivación

O Concello do Pereiro de Aguiar e a Deputación Provincial de Ourense entenden que a regulación dos seus programas de fomento á natalidade son parcialmente coincidentes tanto nos requisitos que teñen que cumprir as persoas solicitantes como nos prazos de solicitude e recoñecemento da subvención.

Coa finalidade de, por unha banda, simplificar de forma efectiva para as persoas solicitantes o acceso a ámbalas liñas de subvención, e toda vez que son compatibles entre si, as institucións asinantes consideran que, o feito certo de ter sido persoa beneficiaria da subvención do programa ChegOU nos anos 2021, 2022 e 2023 no Concello do Pereiro de Aguiar, acredita o cumprimento dos requisitos esixidos polo Concello do Pereiro de Aguiar para o acceso a subvención "Benvido ao Pereiro", agás a antigüidade do empadroamento que xa consta no propio Concello, sen que sexa preciso aportar, por parte da persoa solicitante, documentación algunha para acreditar este feito.

E por outra banda, achegar o acceso a esta liñá de axudas a todas aquelas persoas que foron xa beneficiarios/as do programa ChegOU da Deputación no Pereiro de Aguiar e que poden estar en situación de acceder á agora regulada polo Concello.

Segunda.- Operativa

O Concello do Pereiro de Aguiar comprométese a obter e custodiar, con todos os requisitos derivados do cumprimento da normativa en materia de protección de datos das persoas físicas e da súa libre circulación, as autorizacións solicitadas de forma expresa as persoas solicitantes, para que a Deputación comprobe e certifique que as persoas relacionadas na petición do Concello foron, ou non, beneficiarias da subvención do programa ChegOU durante os anos 2021, 2022, 2023.

Esta solicitude de certificación realizarase conforme a seguinte operativa:

1. O Concello do Pereiro remitirá a través do rexistro electrónico da Deputación de Ourense, semanalmente, un listado numerado e subscrito polo **Secretario-interventor**, onde consten as persoas solicitantes e o/a menor causante do dereito das axudas "Benvido ao Pereiro" que declaran na súa solicitude, ter sido beneficiarios/as do programa ChegOU durante os anos 2021 ao 2023. Na remisión da solicitude constará que as devanditas persoas teñen autorizado de forma expresa á Deputación de Ourense e o Concello do Pereiro o acceso á transferencia de tales datos.

2. A Deputación de Ourense realizará as comprobacións precisas, e no termo de 5 días hábiles como máximo remitirá ao Concello do Pereiro o resultado destas aos efectos oportunos. A remisión constará nun informe asinado dixitalmente e remitido electrónicamente ao Concello do Pereiro.

Terceira .-Promoción do Programa "Benvido ao Pereiro"

A Deputación de Ourense fará chegar comunicación electrónica con toda a información precisa, a todas as persoas que foron beneficiarias das axudas ChegOU, sobre a existencia, funcionamento e prazos das axudas "Benvido ao Pereiro.

Cuarta .-Compromisos das partes

O Concello do Pereiro de Aguiar comprométese a:

a. Remitir, vía rexistro electrónico da Deputación, unha solicitude, onde conste unha relación ordenada co nome, apelidos e NIF/NIE da persoa solicitante e nome e apelidos do/a menor causante do dereito.
b. Recoller e custodiar a autorización expresa, asinada pola persoa solicitante da subvención, onde se solicite e autorice á Deputación de Ourense a facilitar os datos do programa ChegOU dos que foi beneficiario/a a persoa solicitante coa única finalidade de tramitar a solicitude do programa "Benvido ao Pereiro".
c. Por a disposición da Deputación de Ourense as anteditas autorizacións e solicitudes en caso de serlles solicitadas.
d. Sinalar unha/varias persoas concretas para poder facer o seguimento da operativa desta colaboración.

A Deputación de Ourense comprométese a:

a. Ter habilitado o procedemento operativo para facer efectiva esta colaboración dende a data de sinatura deste convenio para a comprobación dos datos.
b. Realizar as comprobacións solicitadas dende o Concello do Pereiro e remitir informe electrónico sobre dita comprobación no prazo de 5 días dende a recepción da solicitude por parte da Área de Benestar da Deputación.
c. Filtrar a súa base de datos para poder identificar as persoas que foron beneficiarias do programa ChegOU o longo dos anos 2021, 2022 e 2023 do Concello do Pereiro e realizarlles unha comunicación electrónica personalizada sobre a existencia do programa "Benvido ao Pereiro" por se fora do seu interese.

Quinta .-Asistencia técnica na operativa de relación entre a entidade financeira

A Deputación de Ourense poderá realizar funcións de soporte técnico na opertativa da relación entre a entidade financeira e o Concello do Pereiro na solicitude, emisión, recepción, envío e funcionamento operativo da tarxeta electrónica sobre a que se sustancia a subvención concedida polo Concello do Pereiro.

Este soporte técnico que se pon a disposición do Concello do Pereiro baséase no saber facer que, o longo destes anos, dende o 2016 está en posesión desta Deputación de Ourense e que se pon a disposición do Concello do Pereiro.

Sexta.-Protección de datos

1. Cada unha das partes cumprirá estritamente todas as obrigas e deberes que, segundo o previsto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e nas demáis disposicións normativas aplicables en materia de protección de datos de carácter persoal, respectivamente lles incumban en relación cos datos relativos ás persoas físicas que xexan recollidos e/ou tratados no ámbito deste convenio.
2. O Concello do Pereiro comunicará a Deputación Provincial de Ourense os datos das persoas que soliciten ser beneficiarias/os do programa "Benvido ao Pereiro"de conformidade co estipulado no parágrao anterior e garante de forma expresa:
   - 2.1 Que os únicos datos de carácter persoal que comunicará á Deputación de Ourense serán o nome, apelidos, DNI e menor que causa o dereito daquelas persoas que sinalaran expresamente ter sido beneficiarias do programa "ChegOU" da Deputación de Ourense 2021, 2022 e 2023.
   - 2.2 Que únicamente efectuará esta comunicación mediante a previa, expresa e inequívoca autorización das persoas titulares de tales datos para a consulta á Deputación e coa única finalidade de tramitar a axuda "Benvido ao Pereiro".
   - 2.3 Que a autorización para a comunicación de datos constará por escrito.
   - 2.4 Que as autorizacións solicitadas polo Concello do Pereiro segundo o previsto, serán debidamente arquivadas e custodiadas polo propio Concello e atoparanse en todo momento a disposición da Deputación de Ourense.

3. A Deputación Provincial de Ourense, garante expresamente, respecto dos datos persoais que lle son solicitados.
   3.1 Que so lles serán remitidos electrónicamente ao Concello do Pereiro as comprobacións dos beneficiarios que figuren na relación de solicitude remitida e asinada electrónicamente polo Concello do Pereiro.
   3.2 Que utilizará tales datos aos únicos efectos dos contidos neste convenio

MARTA NÓVOA IGLESIAS

Vicepresidenta da Deputación de Ourense

LUIS MENOR PÉREZ

Alcalde do Pereiro de Aguiar